



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXT. DO 28 DE OUTUBRO DE 2010

1.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse unha axuda por importe de 500 euros.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio coa Agrupación deportiva EL CORREO GALLEGO (CARREIRA PEDESTRE POPULAR CAMIÑO DE SANTIAGO).

Apróbase o convenio entre o Concello e a Agrupación Deportiva "El Correo Gallego" para o desenvolvemento da tradicional Carreira Pedestre Popular, polo que o Concello achega 20.000 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da resolución das subvencións ás escolas deportivas ano 2010.

Apróbase a concesión de subvencións ás escolas deportivas po importe de 19.599,29 a un total de 7 entidades.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da rectificación do acordo de 5.10.10, relativo á xestión dos campos de fútbol de GRIXOA e MARROZOS.

Rectifícase o acordo.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio co CLUB A.LOBELLE de Santiago F.S. ano 2010.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 135.578 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á adxudicación do servizo de conserxería dos campos de fútbol, Santa Isabel e Cancelas e Polideportivos Pontepedriña e Lorenzo de la Torre.

Adxudícase o contrato do servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel e Cancelas e nos polideportivos Pontepedriña e Lorenzo de la Torre (desde o 1 de novembro ao 31 de decembro) á empresa SERVICIOS Y MATERIALES, SA, por un importe de 31.834,22 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación do convenio coa ASOCIACIÓN CULTURAL O GALO.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 10.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación do convenio coa FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 21.000 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta da concesión dunha subvención pola Consellería de Traballo e Benestar para proxectos de BANCOS DE TEMPO.

Dáse conta da subvención por importe de 30.000 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social dando conta da concesión dunha subvención pola Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de SERVIZOS SOCIAIS.

Dáse conta da subvención por importe de 107.007,82 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación do convenio coa Praza de Abastos para a campaña de NADAL do ano 2010.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 10.500 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación do convenio con Incolsa para o deseño e execución de actuacións de atención e promoción turística ano 2010.

Apróbase o convenio polo que o Concello achega 963.900 euros.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á aprobación do convenio coa Deputación para o FÓRUM GASTRONÓMICO 2010.

Dáse conta do convenio polo que a Deputación achega 150.000 euros, o 79,84% do custo total do evento.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da liquidación da actividade "HOMENAXE AO COMERCIO COMPOSTELÁN".

Apróbase a liquidación cun resultado positivo de 376,05 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Comercio Relativa á concesión de subvencións á realización de actividades de Promoción e Dinamización comercial no concello de Santiago.

Apróbase a concesión de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2010.

Fundación Santiago Centro: 15.000 euros

Agrupación de Comerciantes de Santiago: 10.608,97 euros

Compostela Monumental: 15.000 euros.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á aprobación dos pregos e inicio do servizo de desratización e desratorización no termo municipal de Santiago.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 27.480 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación relativa á prórroga do contrato das obras de reurbanización do Campo e Costa do Cruceiro do Galo.

Acórdase outorgar á adxudicataria COPCISA AS a prórroga do contrato citado ampliando o prazo de execución das obras.

20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a aboamentos por prestación de servizos extraordinarios.

Apróbanse horas extraordinarias a diverso persoal municipal.

21.- Proposta de concelleira delegada de Persoal relativa a solicitudes de incentivos por xubilación anticipada.

Estímense as solicitudes de incentivos por xubilación anticipada para 6 traballadores.

22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a rexeitamento de alegacións presentadas no expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do SUNP-5/A MUIÑA, e outros extremos.

Rexéitanse todas as alegacións presentadas.

23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao expediente de expropiación para a execución da ZL-85 E DM-6 en Triacastela: Mutuo acordo parcela 5A.

Apróbase definitivamente e de mutuo acordo o expediente iniciado para a devandita expropiación que se valora na cantidade de 4.575,33 euros.

24.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa ao proxecto modificado Nº 2 do de reurbanización da RÚA SAN CLEMENTE, 2º TRAMO-RÚA RAXOI.

Autorízase a realización do proxecto modificado por importe de 741.174,62, o que implica unha redución de 17.684,72 euros con respecto ao prezo do contrato actual.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e UTE TRALUSA para o fomento da implantación da tarxeta metropolitana no ámbito da área de Santiago.

Apróbase o convenio de colaboración entre as tres entidades para o fomento da implantación da tarxeta metropolitana no ámbito da área de transporte metropolitana de Santiago de Compostela.

26.- Dar conta do Decreto da Alcaldía autorizando a prórroga contractual solicitada para as obras de reforma interior para a recuperación da escola infantil do parque do Hórreo.

Autorízase a prórroga de sesenta días solicitada porla empresa F GOMEZ Y CÍA SL, para a execución das devanditas obras.

Aceptación do compromiso de achega financeira por parte da UTE TRALUSA, en relación á implantación do novo sistema de canceladoras nos autobuses de Santiago de Compostela.

Acéptase o compromiso de financiamento realizado por Raúl José López López en nome da entidade mercantil AUTOBUSES URBANOS DE LUGO SA, TRAP SA (UTE TRALUSA) en contía de 230.000 euros con destino á adquisición das máquinas canceladoras e expendedoras nos autobuses urbanos da cidade a efectos de que o Concello de Santiago as poida adquirir e instalar, no caso de incumprimento da xustificación da adquisición por parte de TRALUSA ante a Dirección Xeral de Mobilidade o 20 de decembro de 2010. A citada achega farase efectiva por parte de TRALUSA no prazo improrrogable de 10 días a contar desde o día 20 de decembro de 2010.